

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES SANXENXO
CURSO: 2º ESO
MATERIA: MATEMÁTICAS
DEPARTAMENTO: MATEMÁTICAS
DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria.	MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.
	MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.
	MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.
B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.	MAB2.2.1. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.
	MAB2.2.2. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.
B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental.	MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.
B2.4. Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando estratexias que permitan simplificar as operacións con números enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes, e estimando a coherencia e a precisión dos resultados obtidos.	MAB2.4.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema.
	MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.
B2.5. Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporcionalidade, redución á unidade, etc.) para obter elementos descoñecidos nun problema a partir doutros coñecidos en	MAB2.5.1. Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaa para resolver problemas en situacións cotiás.

situacións da vida real nas que existan variacións porcentuais e magnitudes directa ou inversamente proporcionais.	MAB2.5.2. Analiza situacións sinxelas e recoñece que interveñen magnitudes que non son directa nin inversamente proporcionais.
B2.6. Analizar procesos numéricos cambiantes, identificando os patróns e leis xerais que os rexen, utilizando a linguaxe alxébrica para expresalos, comunicalos e realizar predicións sobre o seu comportamento ao modificar as variables, e operar con expresións alxébricas.	MAB2.6.1. Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas.
	MAB2.6.2. Identifica propiedades e leis xerais a partir do estudo de procesos numéricos recorrentes ou cambiantes, exprésaaas mediante a linguaxe alxébrica e utilízaaas para facer predicións
	MAB2.6.3. Utiliza as identidades alxébricas notables e as propiedades das operacións para transformar expresións alxébricas

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Nota media entre a primeira e a segunda avaliación, valoración do grao de participación na docencia non presencial.</p>
	<p>Instrumentos: Exames realizados na primeira e segunda avaliacións, revisión da libreta do alumno/a, participación activa tanto no período de docencia presencial (realización de deberes, ...) coma no período de docencia virtual (entrega de tarefas e grao de interacción co curso virtual).</p>
Cualificación final	<p>Nota media entre 1ª e 2ª avaliación. Esta nota poderá incrementarse ata un máximo de 1 punto dependendo das achegas realizadas polos alumnos/as no período sen docencia presencial e grao de interacción co curso virtual.</p> <p>Se a cualificación final é maior ou igual que 5 o alumno/a aproba.</p> <p>Se a cualificación final é menor que 5 o alumno/a realizará unha proba telemática dos contidos suspensos.</p> <p style="padding-left: 40px;">En caso de que o alumno soamente teña que recuperar unha avaliación, tomarase como nota final de dita avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Un 5, cando a nota do exame de recuperación sexa maior ou igual que 5. b) O maior valor entre o exame de recuperación e a nota obtida presencialmente en dita avaliación, cando a nota de recuperación sexa menor que 5. <p style="padding-left: 40px;">En caso de que o alumno teña que recuperar as dúas avaliacións, fará un exame global dos contidos impartidos presencialmente, tomarase como nota global:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Un 5, cando a nota do exame de recuperación sexa maior ou igual que 5. b) O maior valor entre o exame de recuperación e a nota media das dúas avaliacións obtidas presencialmente, cando a nota de recuperación sexa menor que 5. <p style="padding-left: 40px;">A nota final calcularase engandindo ata 1 punto en función da participación durante as sesións non presenciais.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>De ser posible farase unha proba presencial dos contidos mínimos da primeira e segunda avaliacións que foron avaliados presencialmente.</p> <p>A nota da avaliación extraordinaria de setembro será a obtida en dita proba.</p>

Alumnado de materia pendiente	<p>Criterios de avaliación: Aqueles alumnos/as que superen a materia do curso actual automaticamente dáselles por superada a materia pendiente. O resto do alumnado deberá facer unha proba que, en caso de non poder ser presencial, será telemática.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Aqueles alumnos que superen a materia en curso serán cualificados na materia pendiente cun 5. O resto do alumnado recibirá a nota que acade na proba, podendo aumentar ata un máximo de 1 punto en función das achegas dos boletíns de repaso da materia pendiente que foron entregados ao longo das clases presenciais. A cualificación dos alumnos/as que non se presenten á proba telemática sen causa xustificada será de 1 punto.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Exame e boletíns de exercicios.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Realización de tarefas (de recuperación, repaso, reforzo e ampliación) propostas a través da plataforma EVA.</p> <p>Actividades de recuperación: o alumnado con algún tema suspenso da primeira ou segunda avaliación ten que realizar un boletín de exercicios correspondente a dito tema.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Súbense á plataforma EVA apuntamentos e vídeos explicativos dos mesmos. Os alumnos/as deben pasar ás súas libretas os apuntamentos e realizar os exercicios dos boletíns tamén postos a súa disposición nas plataformas.</p> <p>Detectouse o caso dunha alumna con problemas de conectividade pero estívoise en contacto con ela de maneira habitual e facilitábaselle o material a través do correo electrónico.</p>
Materiais e recursos	<p>Apuntamentos en pdf e vídeos explicativos realizados polo profesorado.</p> <p>Boletíns de exercicios, tanto para recuperación como para ampliación.</p> <p>Emprégase tamén a plataforma para asignación e recollida de tarefas por parte do alumnado e para a comunicación con eles a través dos foros.</p> <p>Utilízase o Cisco webex para sesións interactivas á demanda do alumnado.</p> <p>Tamén se utiliza o correo electrónico para a comunicación co alumnado, entrega de tarefas e resolución de dúbidas.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información ás familias realízase a través de ABALAR, e do correo electrónico e do teléfono, nalgúns casos. Os alumnos/as están permanente informados a través dos foros das plataformas virtuais e a través do correo electrónico cando o alumno ten problemas de conectividade.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.